

# Área recreativa de San Miguel



A escasos metros da igrexa de San Miguel de Tabagón atópase esta **área de lecer** dotada con mesas, bancos e árbores frondosas que proporcionan boa sombra.

Este lugar sitúase a carón do **Sendeiro de Pescadores Miño-Tamuxe PR-G 112**, nunha contorna onde podemos atopar varias casas particulares con inscricións do século XVIII e, dentro da propia ruta, as instalacións do campo de fútbol da Canosa.

**A igrexa parroquial de San Miguel de Tabagón** queda levemente fóra do trazado da Senda dos Pescadores, pero paga a pena achegarse ata ela e contemplar a súa fachada e torre do século XVIII.

## Como chegar:

Pola estrada PO-552 (A Guarda-Tui).  
Coordenadas: 41.917515, -8.814482

